



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE FEBREIRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETO

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo de adhesión ao compartimento Facidade Financeira do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas correspondente ao primeiro trimestre de 2019 creado polo Real decreto Lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e de adopción de medidas complementarias.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Vía Ártabra N-VI - AP9. Fase I: N-VI - AC-221, clave: AC/04/156.01.4.1.2, por importe de vinte e nove millóns seiscentos sesenta e dous mil trescentos trinta e nove euros con vinte e oito céntimos de euro (29.662.339,28€) e un valor estimado de vinte e nove millóns trescentos trinta e dous mil trescentos trinta e nove euros con cincuenta e oito céntimos de euro (29.332.339,58€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano da Coruña para o ano 2020, por importe total de catro millóns cincuenta e cinco mil cincocentos setenta e catro euros con noventa e tres céntimos (4.055.574,93€).



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela para o ano 2020, por importe total dun millón trescentos setenta e cinco mil catrocentos sesenta e nove euros con cincuenta e tres céntimos (1.375.469,53€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol para o ano 2020, por importe total dun millón douscentos once mil seiscentos sesenta e nove euros con vinte e dous céntimos (1.211.669,22€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo para o ano 2020, por importe total dun millón trescentos setenta e seis mil cento vinte e dous euros con noventa e dous céntimos (1.376.122,92€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo para o ano 2020, por importe total de cento nove mil douscentos noventa e seis euros con cincuenta céntimos (109.296,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a empresa RENFE VIAJEROS, SA., polo que se instrumenta a integración desta empresa na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, por un importe total de vinte e seis mil seiscentos noventa e tres euros con dez céntimos (26.693,10€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Deputación Provincial de Ourense, para a creación dun Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, por un importe total de nove millóns novecentos mil euros (9.900.000€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de fabricación dunha embarcación patrulleira para o Servizo de Gardacostas de Galicia por un importe de seis millóns cincocentos tres mil setecentos cincuenta euros (6.503.750€) e un valor estimado por importe de cinco millóns trescentos setenta e cinco mil euros (5.375.000€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe de inserción laboral do alumnado de formación profesional.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a situación actual e actuacións futuras en relación coa praga de corentena *Tecia Solanivora* (couza guatemalteca da pataca en Galicia).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o balance da actividade comercial e recepción de tránsitos náuticos nos peiraos dependentes da Xunta de Galicia no exercicio 2018.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE ESTABLECE A CONCESIÓN DAS MEDALLAS AO MÉRITO DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA

- ***O decreto establece as medallas ao mérito de protección civil de Galicia na categoría de ouro, prata e bronce, e un distintivo de permanencia***
- ***O distintivo de permanencia entregarase ao persoal voluntario sempre que acrediten un mínimo de 25 anos prestando servizo activo nunha agrupación inscrita no Rexistro de Protección Civil***

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto de decreto que regula a concesión de medallas e condecoracións que permita ao Goberno galego recoñecer e distinguir publicamente o persoal voluntario de protección civil.

A concesión destas medallas e condecoracións ao mérito de protección civil de Galicia ten por finalidade distinguir as persoas físicas ou xurídicas e/ou institucións que sobresaian polas súas actividades en materia de protección civil, accións de emerxencia en situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública ou por actuacións que impliquen risco notable, solidariedade excepcional, colaboración e cooperación coas institucións de protección civil, así como a prestación de servizos continuados no tempo, de interese para a protección civil, todo isto no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O decreto establece as medallas ao mérito de protección civil de Galicia na categoría de ouro, prata e bronce, e un distintivo de permanencia. A concesión dunha ou doutra categoría será efectuada en función das accións de relevancia e transcendencia que se realicen e as circunstancias que concorran, que serán avaliadas pola comisión formada para os efectos.

Cada ano poderá concederse unha medalla de ouro, tres de prata e seis de bronce, non obstante, en casos excepcionais, sucesos ou emerxencias que deran lugar a perdas de vida ou que afecten gravemente a integridade das persoas que interveñen neles, poderanse conceder as medallas sen limitación de número, en calquera das súas categorías e na mesma anualidade. O distintivo de permanencia entregarase ao persoal voluntario das agrupacións sempre que acredite un mínimo de 25 anos prestando servizo activo de protección civil nunha agrupación inscrita no Rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Solicitudes das concesión das medallas

As solicitudes para optar á concesión das medallas ao mérito de protección civil de Galicia, nas súas distintas categorías, poderán ser presentadas por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como, calquera administración pública. No caso do distintivo de permanencia para o persoal voluntario, a solicitude poderá ser efectuada pola agrupación a que pertenza o/a voluntario/a e/ou polo concello sede da AVPC, presentando a documentación necesaria que acredite a citada permanencia no servizo activo.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

As solicitudes, dirixidas á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia da Xunta, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible en <https://sede.xunta.gal>.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta****A XUNTA DE GALICIA LOGROU AFORRAR 578 MILLÓNS DE EUROS EN XUROS
DESDE 2015 GRAZAS Á XESTIÓN PRUDENTE E RIGOROSA DA DÉBEDA PÚBLICA**

- ***O Consello da Xunta renova a adhesión ao Fondo de Facilidade Financeira***
- ***Galicia compatibilizará neste 2019 este mecanismo, reservado ás comunidades autónomas solventes, co retorno aos mercados financeiros***
- ***O Ministerio de Facenda só permite esta posibilidade ás autonomías que cumpren os obxectivos de estabilidade, e Galicia está entre elas***
- ***A volta aos mercados será gradual e a previsión é que neste 2019 a metade do financiamento procederá dos mercados***
- ***A Xunta aproveitarase da abundante liquidez e dos tipos historicamente baixos***

A Xunta de Galicia logrou un aforro acumulado en xuros de 578 millóns de euros desde o ano 2015, grazas á xestión prudente e rigorosa da débeda pública que vén efectuando o Goberno galego. O obxectivo da Xunta neste 2019 é seguir afondando neste aforro e para iso o Consello da Xunta aprobou a adhesión de Galicia ao Fondo de Facilidade Financeira, que compatibilizará coa saída aos mercados financeiros.

En 2019, Galicia será unha das comunidades autónomas que se poderán beneficiar das boas condicións que ofrecen os mercados financeiros. Ao mesmo tempo, poderá seguir adherido ao Fondo de Facilidade Financeira, un mecanismo de financiamento reservado ás comunidades autónomas solventes e que cumpren os obxectivos de estabilidade.

O Ministerio de Facenda só permite esta posibilidade (estar adherido ao Fondo de Facilidade ao mesmo tempo que se obtén financiamento nos mercados) ás comunidades autónomas que cumpren unha serie de requisitos. Galicia poderá simultanear estas dúas fontes de financiamento porque cumpre todos eses requisitos: cumpre os obxectivos de estabilidade, o límite de débeda e regra de gasto; cumpre o límite de pagamento a provedores, sendo a comunidade líder en España; e conta coa cualificación crediticia de grao de investimento.

O retorno de Galicia aos mercados será gradual, e a previsión é que neste 2019 case a metade do financiamento procederá do Fondo de Facilidade, e o resto obterase a través dos mercados e fontes externas. Neste primeiro trimestre do ano a Xunta recibirá 566,8 millóns do Fondo de Facilidade e, en todo caso, a intención da Xunta nos seguintes anos é incrementar a presenza nos mercados e a saída do Fondo de Facilidade Financeira.

O obxectivo da Xunta é que Galicia sexa unha das comunidades que se aproveite da abundante liquidez, dos tipos historicamente baixos e da elevada demanda dos investidores, motivos polo que as comunidades máis solventes están volvendo aos mercados financeiros. Isto únese ao feito de que o Ministerio de Facenda modificou as condicións de financiamento do Fondo de Facilidade, o que fai aínda máis atractiva a saída aos mercados.

Precisamente, Galicia vén de recibir autorización da Administración do Estado para realizar unha emisión de bonos por un importe de 400 millóns de euros. Esta será a primeira emisión de débeda que realiza a Comunidade Autónoma desde o ano 2014.

Baixada do endebedamento

Galicia é a comunidade de referencia no control da débeda pública, tal como mostran cada trimestre os datos oficiais do Banco de España. De feito, é a que menos aumentou o seu volume de débeda desde 2009 e grazas a iso agora é a 4ª comunidade con menor endebedamento de toda España, cando en 2008 tiña máis débeda que a media.

De feito, as estimacións da Xunta indican que Galicia pechará o exercicio 2018 cunha redución do endebedamento, a segunda baixada anual consecutiva. A previsión é rematar o ano cunha ratio de débeda/PIB do 18,1%, de xeito que Galicia se consolidará entre as comunidades autónomas menos endebedadas de toda España.



A FUTURA LEI DE RESIDUOS PRIMA A PREVENCIÓN E REUTILIZACIÓN NA SÚA XESTIÓN E LOITARÁ CONTRA O DESPERDICIO ALIMENTARIO E OS PLÁSTICOS

- ***O Consello da Xunta foi informado esta mañá do contido do anteproxecto da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, que dotará a comunidade dun marco legal actualizado á normativa básica estatal e europea***
- ***A futura norma xa recolle os obxectivos que marca a Directiva marco de residuos, polo que en Galicia debe implantarse a recollida separada para residuos téxtiles e perigosos de orixe doméstica antes de que remate o ano 2024***
- ***Permitirase o uso de vaixela dun só uso que estea composta nun 50% de material biodegradable, polo que se prohibirá a venda de pratos, vasos, cuncas e bandexas alimentarias desbotables e de plástico a partir do vindeiro ano***
- ***A Xunta elaborará plans de xestión e prevención de residuos con obxectivos específicos de redución, reutilización e reciclaxe, que se completarán con programas locais de prevención e xestión, elaborados polas administracións locais no marco das súas competencias***
- ***Incorpora e actualiza varias definicións, como planta móbil, punto limpo, solo alterado ou recheo, compostaxe doméstica e compostaxe comunitaria; coa finalidade de aclarar o marco competencial***
- ***Este novo texto legislativo é unha peza angular para acadar a implantación da economía circular na Comunidade, xunto coa Estratexia de cambio climático e enerxía, en que está a traballar o Goberno galego***

A Xunta de Galicia presentou esta mañá no Consello da Xunta o anteproxecto de Lei de residuos e solos contaminados marcado por primar a prevención e a reutilización na xerarquización da xestión dos residuos e por loitar contra o desperdicio alimentario e os plásticos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda elevou hoxe ao Consello da Xunta un texto que pretende actualizar o marco normativo actual na Comunidade, a actual norma é de 2008, e dotar Galicia dun marco legal e actualizado á normativa comunitaria, completo claro e seguro xuridicamente e que, ao mesmo tempo, sente as bases para avanzar na senda da economía circular e a loita contra o cambio climático.

O actual marco legislativo galego en materia de residuos está constituído pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, que se viu amplamente superada pola posterior aprobación da estatal Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados, e polos sucesivos regulamentos estatais que desenvolven a dita lei; sumado á necesaria transición en que se atopa inmersa a Comunidade cara a unha auténtica economía circular, exige iniciar a redacción dunha Lei de residuos e solos contaminados de Galicia. Así, o anteproxecto de lei presentado esta mañá contén 88 artigos, nove títulos, con tres disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha derogatoria e dúas derradeiras.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Esta futura lei, que hoxe inicia a súa tramitación, establece por primeira vez obxectivos e medidas cuantitativas, como a redución dos residuos de alimentos nun 30% no ano 2025 e que esa porcentaxe acade un 50% cinco anos despois.

Un dos principios inspiradores é fomentar a xerarquía na xestión dos residuos, incidindo no primeiro chanzo, como é a prevención, cun paso máis ambicioso á normativa estatal que é reducir nun 15% o peso dos residuos producidos en 2025, fronte ao 10% que fixa a Lei básica estatal. Así, e na senda iniciada coa prohibición da entrega gratuíta de bolsas dun só uso, introdúcese como novidade a prohibición -a partir da entrada en vigor da lei- da venda de pratos, vasos, cuncas e bandexas alimentarias desbotables e de plástico, agás aquelas que estean compostas cun 50% de material biodegradable ou que os titulares de establecementos de restauración estean obrigados á entrega das fraccións sobrantes de alimentación non consumidas.

Dentro desta xerarquía de xestión, o segundo nivel é a reutilización, polo que se aposta polo incremento progresivo da cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización ou reciclaxe de fraccións como o papel, metais, vidro, plásticos, biorresiduos. No seu conxunto, en 2020 deberán acadar un 50%, pero deste global un 2% corresponderá a preparación para a reutilización de residuos téxtiles, aparellos eléctricos e electrónicos e mobles.

Evitar que os residuos acaben no vertedoiro e promover unha segunda oportunidade tras a súa vida útil é unha das claves deste novo texto, polo que se facilitarán novas condutas que permitan a recollida separada para residuos téxtiles e perigosos de orixe doméstica, así como para incrementar a reciclaxe de residuos de envases, de tal xeito que no ano 2025 se recicle un 65% do peso de todos os envases e en 2030 un 70%.

En definitiva, trátase de reducir a eliminación de residuos mediante o seu depósito en vertedoiro, co obxectivo de que en 2035 só se elimine un 10% da cantidade de residuos domésticos xerados e prohibir a eliminación en vertedoiro daqueles residuos que fosen recollidos de xeito separado separado, tal e como establece Europa.

Coordinación e control

No anteproxecto de lei tamén se blinda a necesaria colaboración interadministrativa, polo que a Xunta poderá elaborar e aprobar plans de xestión e prevención de residuos que conterán unha diagnose da situación existente, obxectivos específicos de redución, reutilización e reciclaxe dos residuos afectados polo plan ou un plan de infraestruturas necesarias para a consecución dos obxectivos. É dicir, trátase de articular instrumentos de planificación na xestión e na prevención dos residuos, onde os concellos tamén terán un papel destacado, polo que tamén poderán elaborar programas locais de prevención e xestión de residuos, no marco das súas competencias.

Outra das novidades que se recolle é a obriga para os produtores de residuos comerciais non perigosos e para os de residuos domésticos de informar das cantidades xeradas e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

acreditar a súa xestión no primeiro trimestre do ano seguinte ao exercicio, co fin de contabilizar os datos. Este control tamén se fai extensivo na fase da xestión dos residuos, imputando maiores obrigas a produtores e xestores, ao tempo que se simplifican as cargas administrativas.

Así mesmo, outro aspecto de madurez do sector que exige unha actualización da norma é o feito de que se incorporan definicións novas, coa finalidade de clarear o marco competencial, como a definición de planta móbil, solo alterado ou recheo, así como a inclusión de termos como compostaxe doméstica e compostaxe comunitaria.

O Goberno galego quere, con esta nova lei de residuos, aprobar unha peza angular que, xunto coas restantes iniciativas nas que está a traballar, como é a Estratexia galega de cambio climático e enerxía, sente as bases para que a Comunidade avance na senda da economía circular e a loita contra o cambio climático, onde as políticas en materia de xestión de residuos xogan un papel crucial.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS PARA INICIAR A PROLONGACIÓN DA VÍA ÁRTABRA ATA A ESTRADA AC-221, CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 29,6 M€ E A PREVISIÓN DE CHEGAR ATA A AP-9

- ***O Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación desta infraestrutura para avanzar na súa execución mentres o Ministerio de Fomento resolve a autorización da conexión coa Autoestrada do Atlántico***
- ***A intervención esténdese ao longo de case 4 quilómetros e inclúe un enlace de conexión coa N-VI, a unión coa AC-221 e un ramal co polígono do Espírito Santo***
- ***A Xunta investirá máis de 35 millóns de euros nesta infraestrutura libre de peaxe, co obxectivo de articular unha vía transversal para os tráfico de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a contratación das obras da 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento autonómico superior aos 29,6 millóns de euros. Esa licitación inclúe xa unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra e chegar ata a AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esa conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Con este acordo, o Executivo galego completa a tramitación necesaria para poder licitar a contratación desta nova actuación nesta vía libre de peaxe, que dá continuidade ao tramo actual en servizo da Vía Ártabra entre Castelo e a estrada N-VI.

Nas próximas semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación dos traballos.

O Goberno galego no seu compromiso coa prolongación a Vía Ártabra, e ao abeiro do disposto no artigo 204 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, prevé ademais un modificado no contrato para executar a segunda fase desta obra, continuando a Vía Ártabra desde o enlace coa AC-221 ata conectar coa AP-9. En total, a Administración autonómica investirá máis de 35 millóns de euros nesta actuación.

As obras previstas na 1ª fase de prolongación desta infraestrutura ata a conexión coa AC-221 prevé a execución do tronco da Vía Ártabra de aproximadamente 3 km de lonxitude, entre a N-VI e o novo enlace coa AC-221.

O proxecto construtivo prevé tamén o enlace de conexión da Vía Ártabra coa N-VI, para o que é preciso a remodelación do actual. Deste xeito, este novo enlace coa estrada de titularidade autonómica contará con tres niveis. No nivel actual executarase unha glorieta en que se conectarán os ramais de saída e entrada na Vía Ártabra e na N-VI, de modo que a Vía Ártabra cruzará baixo a glorieta. E sobre a glorieta cruzará a N-VI, que discorrerá en viaduto con dous carrís por sentido nunha lonxitude de 1,2 km.

As obras complétansa co enlace coa AC-221 e conexión co polígono do Espírito Santo. Aquí executarase unha glorieta sobre a que cruzará a nova autovía mediante un viaduto, e desde



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

a glorieta accederase á estrada AC-221 e ao polígono industrial mediante unha nova vía de 1,1 km cun carril por sentido.

A Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta





O CONSELLO A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA DURANTE O ANO 2020, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de 3,5M€, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes, preto de 553.000***
- ***Este acordo garante a continuidade, un ano máis, do plan social que en 2018 rexistrou máis de 6,4 millóns de viaxes en autobús na comarca da Coruña e uns 15 millóns en toda Galicia, un 4,5% máis que o ano anterior***
- ***O Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e financia o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos***
- ***O uso da Tarxeta de transporte metropolitano permite aforros de ata os 900 euros ao ano nos desprazamentos cotiáns***
- ***Case 16.300 menores de 19 anos desta área de transporte da Coruña se beneficiaron das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta Xente Nova que financia a Xunta***
- ***O Goberno galego fixo posible desde 2017 que os autobuses interurbanos fagan percorridos e paradas tamén no centro da cidade, e non só na estación de autobuses, evitando transbordos e acurtando o tempo de percorrido***
- ***O Plan de transporte público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de transporte metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña para o ano 2020, cun investimento de máis de 4 millóns de euros.

Segundo este acordo, o Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de 3,5M€, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes interurbanas, preto de 553.000.

Grazas a este acordo garántese a continuidade un ano máis dun plan social que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público por parte do Goberno galego.

O Plan de transporte metropolitano da Coruña rexistrou o ano pasado máis de 6,4 millóns de viaxes en autobús na comarca a través do seu sistema de billete único e da coordinación entre o transporte interurbano e o autobús urbano.

Coa súa achega, a Xunta financia ademais o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

50% en función da categoría. Adicionalmente, aplícanse descontos aos estudantes da Universidade da Coruña.

Desa forma, o uso da Tarxeta de transporte metropolitano permite aforros de ata 900 euros ao ano nos desprazamentos cotiáns.

A área de transporte metropolitano da Coruña está integrada por un total de 17 concellos: A Coruña, Abegondo, Arteixo, A Laracha, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada. Estes concellos achegarán en 2020 os case 641.000 euros restantes para completar o financiamento do Plan.

Nesa área a Xunta reforzou a finais do ano 2017 o atractivo do transporte público poñendo en marcha unha iniciativa que permite que os autobuses fagan percorridos e paradas tamén no centro da cidade, e non só na estación de autobuses, evitando transbordos e acurtando o tempo de percorrido.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o ano pasado case 15 millóns de viaxes, que supón un incremento do 4,5% con respecto ao ano anterior.

Tarxeta Xente Nova

No marco do Plan de transporte metropolitano, preto de 49.500 mozos menores de 19 anos viaxan gratis no autobús interurbano grazas á Tarxeta *Xente Nova*, implantada en agosto de 2016 polo Goberno galego.

En concreto, na área de transporte metropolitano da Coruña distribuíronse preto de 16.300 desde a súa posta en marcha.

Con este programa búscase facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando ás novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

Plan de transporte público de Galicia

O Goberno galego está a traballar actualmente na reordenación de todas as liñas de autobús de Galicia co obxectivo de ofrecerlles aos cidadáns uns sistema de transporte público máis útil e atractivo.

Así, no marco do Plan de transporte público de Galicia, de forma progresiva, desenvolverase a posta en marcha dunha área única de transporte que estenda os beneficios do Plan de transporte metropolitano a todas as liñas interurbanas de Galicia. Esta iniciativa levará grandes vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Así, o uso da tarxeta TMG para o pagamento do billete suporá un desconto do 10% con respecto ás tarifas xerais xa desde o primeiro día, con bonificacións extra por recorrencia, e todos os menores de 19 anos poderán empregar a Tarxeta Xente Nova para viaxar de balde

O CONSELLO A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DURANTE O ANO 2020, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de 1,1M€, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes, uns 243.000*
- *Este acordo permite darlle continuidade un ano máis a un plan social que en 2018 rexistrou case 3 millóns de viaxes en autobús na área da Santiago e case 15 millóns de desprazamentos en toda Galicia*
- *A achega do Goberno galego destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos co autobús urbano, que son gratuítos*
- *O uso da Tarxeta de transporte metropolitano permite aforros anuais de ata os 900 euros nos desprazamentos cotiáns*
- *Os 18 concellos que forman parte desta área chegarán, en conxunto, os 282.000 euros que completan o financiamento do plan*
- *Ademais, máis de 8.600 menores de 19 anos desta área de transporte vense beneficiados polas viaxes interurbanas gratuítas co uso da tarxeta Xente Nova*
- *O Plan de transporte público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de transporte metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Santiago para o ano 2020, cun investimento de preto de 1,4 M€.

Segundo este acordo, o Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de 1,1M€, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes interurbanas, uns 243.000.

Grazas a este acordo do Executivo autonómico, garántese a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público na área de Santiago, que no pasado exercicio rexistrou case 3 millóns de viaxes en autobús, a través dun sistema de billete único e da coordinación entre o transporte interurbano e o autobús urbano.

A través do Plan de transporte metropolitano, a Xunta tamén financia o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o 50% en función da categoría.

Desa forma, os usuarios da Tarxeta de transporte metropolitano teñen acceso a aforros anuais de ata os 900 euros nos desprazamentos cotiáns

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o ano pasado case 15 millóns de viaxes, que supón un incremento do 4,5% con respecto ao ano anterior.

A Área de Transporte Metropolitano de Santiago está integrada por un total de 18 concellos: A Baña, A Estrada, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Ordes, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Tarxeta Xente Nova

Actualmente en Galicia, case 49.500 mozos menores de 19 anos viaxan gratis grazas á *Tarxeta Xente Nova*, implantada en agosto do 2016 e que bonifica as súas viaxes no transporte metropolitano no 100% do seu custo, unha medida que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano.

En concreto, na área de transporte metropolitana de Santiago distribuíronse desde o seu inicio máis de 8.600 dispositivos.

O obxectivo da iniciativa do Goberno galego é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

Plan de transporte público de Galicia

O Goberno galego está a traballar actualmente na reordenación de todas as liñas de autobús de Galicia co obxectivo de ofrecerlles aos cidadáns uns sistema de transporte público máis útil e atractivo.

Así, no marco do Plan de transporte público de Galicia, de forma progresiva, desenvolverase a posta en marcha dunha área única de transporte que estenda os beneficios do Plan de transporte metropolitano a todas as liñas interurbanas de Galicia. Esta iniciativa levará grandes vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.

Así, o uso da tarxeta TMG para o pagamento do billete suporá un desconto do 10% con respecto ás tarifas xerais xa desde o primeiro día, con bonificacións extra por recorrencia, e todos os menores de 19 anos poderán empregar a Tarxeta Xente Nova para viaxar de balde.

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE CASE 900.000 EUROS PARA PRORROGAR O PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE FERROL DURANTE O ANO 2020

- ***Esta iniciativa social de fomento do transporte público permite rexistrou o pasado ano máis de 2,4 millóns de viaxes na área de Ferrol***
- ***Os veciños dos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Valdoviño e Miño benefíciáanse de aforros de ata 900 euros ao ano nos seus desprazamentos cotiáns***
- ***A Xunta achega o 80% das bonificacións das tarifas, ademais do 100% dos transbordos, e aplica descontos adicionais aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas***
- ***Case 7.000 mozos menores de 19 anos de Ferrolterra viaxan gratis nos autobuses grazas á Tarxeta Xente Nova***
- ***O Consello da Xunta tamén aprobou a renovación do convenio con Renfe para manter a integración da liña de Feve no sistema de Transporte Metropolitano***
- ***O Plan de Transporte Público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de Transporte Metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a renovación do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Ferrol para o ano 2020, cun investimento autonómico de case 900.000 euros.

Esta iniciativa social de fomento do transporte público materializa o compromiso do Goberno galego de darlle continuidade a un plan que supón importantes descontos nos billetes, permitindo no pasado exercicio 2018 bonificar máis de 2,4 millóns de viaxes aos cidadáns dos 11 concellos adheridos.

A Área de Transporte Metropolitano de Ferrol está integrada polos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño

A achega da Xunta destínase a financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e a financiar o 100% do custo dos transbordos urbanos, que son gratuítos, ademais de manter os demais descontos adicionais aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas.

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu bonificar 15 millóns de viaxes en autobús, un incremento do 4,5% con respecto ao ano anterior.

Case 7.000 mozos viaxan gratis

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Neste intre, na Área de Transporte de Ferrol case 7.000 mozos da comarca viaxan gratis grazas á *Tarxeta Xente Nova* implantada no 2016, e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100% do custo ata os 18 anos.

No pasado ano, esta medida beneficiou a uns 49.500 mozos en toda Galicia, e o seu obxectivo é facilitar o seu acceso aos servizos básicos formando ás novas xeracións no uso do transporte público. Unha iniciativa que contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano.

A Xunta segue así a apostar pola multimodalidade no eido do Plan e coa renovación dos convenios, continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, feito que supón importantes aforros económicos para as familias galegas así como significativas vantaxes sociais e medioambientais para os cidadáns.

No caso da área de Ferrol, o Plan de Transporte Metropolitano inclúe tamén os servizos ferroviarios de Feve, polo que o Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a renovación do convenio con Renfe para manter a integración desta liña no sistema de transporte metropolitano entre os concellos integrados, cun orzamento de preto de 27.000 euros.

Plan de Transporte Público de Galicia

O Goberno galego está a traballar actualmente na reordenación de todas as liñas de autobús de Galicia co obxectivo de ofrecerlle aos cidadáns uns sistema de transporte público máis útil e atractivo.

Así, no marco do Plan de transporte público de Galicia, de forma progresiva, desenvolverase a posta en marcha dunha área única de transporte que estenda os beneficios do Plan de transporte metropolitano a todas as liñas interurbanas de Galicia. Esta iniciativa levará grande vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.

Así o uso da tarxeta TMG para o pago do billete suporá un desconto do 10% con respecto ás tarifas xerais xa desde o primeiro día, con bonificacións extra por recorrencia, e todos os menores de 19 anos poderán empregar a tarxeta Xente Nova para viaxar de balde.



O CONSELLO A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE VIGO DURANTE O ANO 2020, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS

- **O Goberno galego achegará 1,1M€ para financiar o 80% dos descontos nos billetes, os transbordos e as bonificacións adicionais a usuarios recorrentes e membros de familias numerosas**
- **Entre os 12 concellos integrantes da Área de transporte achegarán preto de 266.000 euros**
- **Este acordo garante a continuidade deste plan social que en 2018 rexistrou máis de 3 millóns de viaxes en autobús e barco na área e uns 15 millóns en toda Galicia**
- **Benefíciense os veciños dos concellos de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior**
- **A Tarxeta de transporte metropolitano permite aforros anuais de ata 600€ nos desprazamentos cotiáns, menos que nas outras áreas de Galicia, debido á negativa do Concello de Vigo de integrar o autobús urbano**
- **Os 12 concellos que integran esta área achegarán en conxunto os preto de 266.000 euros restantes para completar o financiamento deste programa**
- **Máis de 12.400 menores de 19 anos desta área de transporte beneficiáronse ademais das viaxes interurbanas gratuítas co emprego da tarxeta Xente Nova que financia a Xunta**
- **O Plan de transporte público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de transporte metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo para o ano 2020, cun investimento autonómico de case 1,4 millóns de euros.

Segundo este acordo, o Goberno galego achegará 1,1 millóns de euros que permitirán financiar o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, ademais do 100% dos transbordos, que son gratuítos, e as bonificacións adicionais para usuarios recorrentes e membros de familias numerosas.

Os 12 concellos que integran a área de transporte metropolitano de Vigo achegarán no seu conxunto preto de 266.000 euros.

Grazas a este acordo garántese a continuidade un ano máis dun plan social que supón importantes aforros económicos para os usuarios e segue a senda do fomento do transporte público por parte do Goberno galego.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

O Plan de transporte metropolitano na área de Vigo rexistrou o ano pasado máis de 3 millóns de viaxes na comarca e, en canto a modalidade de transporte, cómpre destacar que o 40% dos desprazamentos seguen a corresponder coas navieiras e o 60% co autobús.

Coa súa achega, a Xunta financia ademais o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o 50% en función da categoría.

Desa forma, o uso da Tarxeta de transporte metropolitano permite aforros de ata os 600 euros anuais nos desprazamentos cotiáns, unha menor contía que a que se acadara noutras cidades galegas, debido á negativa do Concello de Vigo a integrar o transporte urbano.

A área de transporte metropolitano de Vigo está integrada por un total de 12 concellos: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, O Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en cinco áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o ano pasado case 15 millóns de viaxes, que supón un incremento do 4,5% con respecto ao ano anterior.

Tarxeta Xente Nova

No marco do Plan de transporte metropolitano, preto de 49.500 mozos menores de 19 anos viaxan gratis no autobús interurbano grazas á tarxeta *Xente Nova*, implantada en agosto de 2016 polo Goberno galego.

En concreto, na área de transporte metropolitano de Vigo distribuíronse máis de 12.400 desde a súa posta en marcha.

Con este programa búscase facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos como a sanidade ou a educación, fomentando o emprego do transporte público, formando as novas xeracións no seu uso, ao tempo que se axuda de forma substancial ás economías familiares.

Plan de transporte público de Galicia

O Goberno galego está a traballar actualmente na reordenación de todas as liñas de autobús de Galicia co obxectivo de ofrecerlles aos cidadáns un sistema de transporte público máis útil e atractivo.

Así, no marco do Plan de transporte público de Galicia, de forma progresiva, desenvolverase a posta en marcha dunha área única de transporte que estenda os beneficios do Plan de transporte metropolitano a todas as liñas interurbanas de Galicia. Esta iniciativa levará grandes vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Así, o uso da tarxeta TMG para o pagamento do billete suporá un desconto do 10% con respecto ás tarifas xerais xa desde o primeiro día, con bonificacións extra por recorrencia, e todos os menores de 19 anos poderán empregar a tarxeta Xente Nova para viaxar de balde.



O CONSELLO A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO DURANTE O ANO 2020, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 110.000 EUROS

- ***O Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de máis de 86.000 euros, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes, preto de 23.000***
- ***Esta iniciativa social de fomento do transporte público permite importantes descontos dos billetes e rexistrou o pasado ano arredor de 120.000 viaxes nesta área***
- ***Benefíciense os veciños dos concellos de Baleira, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade con aforros de ata 900 euros ao ano nos seus desprazamentos cotiáns***
- ***O Goberno galego contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante, uns 30.000 euros***
- ***A Xunta bonifica o 100% dos transbordos e aplica descontos adicionais aos usuarios habituais e familias numerosas***
- ***Preto de 950 mozos lucense menores de 19 anos viaxan gratis nos autobuses grazas á tarxeta Xente Nova***
- ***O Plan de transporte público de Galicia prevé a extensión dos beneficios da Tarxeta de transporte metropolitano e da Xente Nova ao conxunto de Galicia, chegando así tamén á poboación do rural***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de Lugo para o ano 2020, cun investimento de preto de 110.000 euros.

Segundo este acordo, o Goberno galego financia o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos, cunha achega de máis de 86.000 euros, e os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas viaxes interurbanas, preto de 23.000.

Esta iniciativa social de fomento do transporte público materializa o compromiso do Goberno Galego de darlle continuidade a un plan que supón importantes descontos nos billetes, que permitiu no pasado exercicio 2018 bonificar preto de 120.000 viaxes en autobús aos veciños dos concellos adheridos.

A área de transporte metropolitano da área de Lugo está integrada por un total de 9 concellos: Baleira, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade.

Coa súa achega, a Xunta financia ademais o 15% de desconto adicional que se aplica aos usuarios recorrentes e a membros de familias numerosas, neste caso de entre o 20% e o 50% en función da categoría.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A renovación do plan mantén a vixencia do billete único que bonifica o custo dos transbordos, premia o uso recorrente e no que se aplican descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas, cun 20% ou 50% segundo teñan tres ou máis fillos.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia está a funcionar actualmente en 5 áreas de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo) con 65 concellos incorporados, permitiu subvencionar o pasado ano 15 millóns de viaxes en autobús, un incremento do 4,5% con respecto ao ano anterior.

Preto de 950 mozos viaxan gratis

Neste intre, na área de transporte metropolitano de Lugo preto de 950 mozos viaxan gratis grazas á tarxeta *Xente Nova*, implantada no 2016 e que bonifica as viaxes no transporte metropolitano no 100% do custo ata os 19 anos.

No pasado ano, esta medida beneficiou 49.500 mozos en toda Galicia e o seu obxectivo é facilitar o acceso da mocidade aos servizos básicos formando as novas xeracións no uso do transporte público. Esta medida contribúe a incrementar os aforros dos galegos onde está implantado o transporte metropolitano.

No eido do Plan e coa renovación deste acordo, o Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, feito que supón importantes aforros económicos para as familias galegas, así como significativas vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns.

Plan de transporte público de Galicia

O Goberno galego está a traballar actualmente na reordenación de todas as liñas de autobús de Galicia co obxectivo de ofrecerlles aos cidadáns uns sistema de transporte público máis útil e atractivo.

Así, no marco do Plan de transporte público de Galicia, de forma progresiva, desenvolverase a posta en marcha dunha área única de transporte que estenda os beneficios do Plan de transporte metropolitano a todas as liñas interurbanas de Galicia. Esta iniciativa levará grandes vantaxes sociais a todo o territorio, especialmente ao rural, onde a poboación se poderá beneficiar de importantes medidas sociais.

Así, o uso da tarxeta TMG para o pagamento do billete suporá un desconto do 10% con respecto ás tarifas xerais xa desde o primeiro día, con bonificacións extra por recorrencia, e todos os menores de 19 anos poderán empregar a tarxeta *Xente Nova* para viaxar de balde.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CREACIÓN DO CENTRO GALEGO DE INNOVACIÓN DA FP, EN OURENSE

- ***Suporá un investimento de 9,9 millóns de euros***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á creación do Centro Galego de Innovación da FP, en Ourense, que se vai converter no motor da innovación, a creatividade e o talento entre o alumnado e o profesorado da formación profesional, ao tempo que busca impulsar o desenvolvemento industrial, incorporar novas tecnoloxías e dotar o tecido produtivo de capital humano altamente cualificado.

O Consello aprobou o convenio de colaboración entre as consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Economía, Emprego e Industria, e a Deputación Provincial de Ourense para a posta en marcha deste centro de FP que ten como obxectivo fomentar a innovación e o emprendemento na Formación Profesional e vinculalo coa realidade socioeconómica e o tecido produtivo da contorna.

A creación do Centro Galego de Innovación da FP suporá un investimento de 9,9 millóns de euros. Deles, 5 millóns serán achegados pola Deputación de Ourense e os outros 1,5 millóns pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento de proxectos e a adquisición de novos equipamentos de tecnoloxía avanzada necesarios para a materialización de ditos proxectos. A isto hai que engadir outros 3,4 millóns de euros que chegará a Consellería de Educación en concepto de gastos de funcionamento e mantemento do centro.

A posta en marcha deste centro -que se prevé que estea operativo en 2020- supón avanzar un paso máis na aposta por unha formación de calidade, innovadora, e adaptada á industria 4.0 para que as empresas poidan contar con persoal cualificado. Por iso, o Centro Galego de Innovación da FP impulsará os proxectos de innovación aplicada, novas contornas virtuais de simulación, a xeración de proxectos empresariais e a transferencia aplicada a patentes. Para iso, desde este centro vaise traballar en colaboración co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico-INORDE (dependente da Deputación de Ourense) para a creación de sinerxías co sector produtivo e favorecer a transferencia de coñecemento dos centros á industria.

O Centro Galego de Innovación da FP estará localizado na antiga Escola Fogar de Mariñamansa, un edificio de uso educativo xestionado pola Consellería de Educación e que está moi próximo ao CIFP A Farixa (o centro de formación profesional de referencia en Ourense).

Segundo establece o convenio, Educación encargárase de acometer a rehabilitación completa deste edificio, cuns 2.600 metros cadrados de superficie construída, para acoller o futuro Centro de FP. De feito, este mesmo ano a Consellería licitará o proxecto de obra por un importe de 100.000 euros. Ademais, Educación asumirá os gastos de funcionamento do



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Centro entre os que se inclúen os gastos de persoal (cun importe estimado de 700.000 euros/ano a partir de que entre en funcionamento no ano 2020) e os gastos de funcionamento (uns 400.000 euros/ano a partir do 2020).

Pola súa banda, a Deputación de Ourense transferirá a Educación un total de 5 millóns de euros repartidos a razón de 3,5 para a execución das obras (o 25% este mesmo ano e o 75% en 2020) e 1,5 millóns de euros para equipamento (que se terán que materializar en 2020).

Canto á Xunta de Galicia, entre os anos 2020 e 2022 a Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará outros 1,5 millóns de euros (a razón de 200.000 euros no ano 2020, 650.000 euros no 2021 e 650.000 euros no 2022) para o desenvolvemento de proxectos de innovación e emprendemento no Centro e para a adquisición de novos equipamentos de tecnoloxía avanzada que poidan xurdir para facer realidade os ditos proxectos.



A XUNTA DESTINARÁ ATA 6,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUNHA PATRULLEIRA DE ALTURA PARA O SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA

- ***A licitación do contrato para subministrar esta embarcación, que substituirá a Paio Gómez Chariño, suporá avanzar na renovación parcial da frota ao sumarse a catro unidades lixeiras xa en construción ou en fase de adxudicación***
- ***Este novo buque será apto para tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, control e apoio á frota, colaboración en operacións de busca e salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña***
- ***O orzamento destinado pola Consellería do Mar á modernización dos medios marítimos deste ente público supera os dez millóns de euros entre 2018 e 2020***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun contrato para a construción e subministración dunha patrulleira de altura para o Servizo de Gardacostas de Galicia por un importe máximo de algo máis de 6,5 millóns de euros, unha medida que se enmarca no proceso de renovación parcial da frota deste organismo público co obxectivo de mellorar as tarefas de inspección e vixilancia pesqueira, o control e apoio á frota, a colaboración en operacións de busca e salvamento e a loita contra a contaminación mariña.

O acordo aprobado polo Executivo galego supón iniciar a tramitación do contrato, que conta cun orzamento de 6.503.750 euros repartidos entre 2019 (preto de 1,2 millóns) e 2020 (máis de 5,3 millóns) e cofinanciado nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Unha vez formalizado o contrato, a empresa adxudicataria contará cun prazo de 19 meses para entregar a embarcación.

A medida acordada dá continuidade ao plan de renovación parcial da frota do Servizo de Gardacostas polo que xa hai dúas patrulleiras lixeiras en proceso de construción e outras dúas co contrato en fase de adxudicación. O primeiro contrato resolveuse en xuño do ano pasado por máis de 1,7 millóns de euros e o segundo licitouse a finais de 2018 cun orzamento de dous millóns de euros, polo que, sumados aos 6,5 desta patrulleira de altura, a Consellería do Mar destina máis de 10 millóns de euros á renovación da frota de Gardacostas en apenas tres anos, entre 2018 e 2020.

Todas as embarcacións que se incorporarán ao organismo público galego farano para substituír as antigas e proceder á renovación da frota. No caso desta, de gran porte, ocupará o lugar da Paio Gómez Chariño, construída en 2003. Esta nova unidade contará cos últimos avances en materia de deseño e novas tecnoloxías, o que permitirá mellorar a prestación do servizo na loita contra o furtivismo, o rescate e salvamento no mar e as tarefas para facer fronte á contaminación mariña.

O contrato para a subministración desta patrulleira de altura exixirá que sexa de tipo monocasco e que conte cun acabado do máis alto nivel de calidade para os barcos profesionais desta clase. Ademais, a súa eslora deberá ser de entre 37 e 39 metros, terá un

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

calado máximo de 1,25 metros e alcanzará unha velocidade de ata 25 nós en condicións de plena carga e estado do mar en calma.

O acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta é unha mostra máis do compromiso da Consellería do Mar coa renovación da frota de Gardacostas, o que redunda nunha maior seguridade e mellor vixilancia das costas galegas, pois os orzamentos deste ano inclúen unha partida de catro millóns de euros para a modernización das embarcacións. A aposta do departamento que dirixe Rosa Quintana tamén queda patente nos fondos asignados a este organismo para o seu funcionamento, cun total de 14 millóns de euros para o presente exercicio, un 5% máis que o ano pasado.

A INSERCIÓN LABORAL NA FP INCREMENTOUSE EN 4 ANOS EN MÁIS DE 30 PUNTOS

- **En 13 das 23 familias profesionais que se imparten en Galicia a inserción supera o 85%**
- **O 65,5% do alumnado titulado desempeña na actualidade un emprego relacionado co ciclo formativo**
- **8 de cada 10 estudantes de FP aseguran estar satisfeitos cos estudos cursados**

A inserción laboral dos estudantes de formación profesional incrementouse en 4 anos en máis de 30 puntos. Así o recolle o *Informe inserción laboral do alumnado de formación profesional* analizado hoxe no Consello da Xunta, segundo o que o 85,9% das tituladas e titulados en ensinanzas de FP no curso 2015/16 estaban traballando no momento de realización da enquisa (xuño de 2018, é dicir, dous anos despois de remataren os seus estudos). No caso da FP Dual, tomando os datos dos titulados no curso 2016/17, a taxa de inserción elévase ao 90,7%.

O estudo divídese en dúas partes, unha que analiza a FP sen a Dual (a primeira promoción completa rematou en 2016/17) e outra que se centra nesta modalidade.

No caso da FP en xeral, cos datos referidos aos titulados no 2015/16, a taxa de inserción incrementouse substancialmente desde o 51,7% do estudo de 2014 ata o 85,9% do 2018. Por sexos, a taxa de inserción laboral dos homes é de 88,2% e a das mulleres é de 83,4%, aínda que se reflicte un aumento significativo en ambos respecto do estudo anterior.

En calquera caso, a taxa de inserción é máis alta conforme aumenta a idade do alumnado ata alcanzar o 90% entre quen fixo xa os 30 anos, fronte ao 82,7 dos titulados que teñen menos de 24 anos.

Familias profesionais

Entre as 23 familias profesionais que se imparten en Galicia a taxa de inserción móvese entre o 73,9 e o 98,1%. En 13 familias supérase o 85%.

As familias con maior inserción son as de Actividades Físicas e Deportivas (98,1%), Edificación e Obra Civil (92,6%), Electricidade e Electrónica (92,1%), Seguridade e Medio Ambiente (91,7%), Fabricación Mecánica (90,7%), Enerxía e Auga (90,7%) e Sanidade (90,6%).

As variacións na taxa de inserción laboral dos titulados de FP respecto aos dous estudos anteriores revela maiores incrementos nas familias profesionais relacionadas coa industria 4.0 e cos sectores estratéxicos para Galicia.

A taxa de inserción laboral supera os 35 puntos de incremento con respecto ao estudo de 2014 en familias como a de Industrias Alimentarias (85,9%, 57,3 puntos máis), Madeira,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Moble e Cortiza (83,4%, 47,2 puntos máis), Instalación e Mantemento (87,4%, 40,1 puntos máis) ou Fabricación Mecánica (90,7%, 39,3 puntos máis).

Perfil e traxectoria profesional

Ademais da ampla inserción, a maior parte dos titulados atopan o seu primeiro emprego en menos de 6 meses, en concreto o 73,8%. O 65,5% do alumnado titulado desempeña na actualidade un emprego relacionado co ciclo formativo cursado, fronte ao 63% en 2016.

A porcentaxe entre homes e mulleres tende a superar a desigualdade do estudo anterior no que se daba un 69,3% para os homes e o 56,8% para as mulleres (agora dáse un 66,7% para os homes e un 64% para as mulleres).

O 30,7% accederon ao seu primeiro emprego a través da empresa en que se realizou a formación no centro de traballo (FCT) fronte ao 27,6% do estudo anterior.

No referido ao lugar onde están a traballar, o 94,2% do alumnado faíno en Galicia, o 4,4% noutra CCAA e o 1,5% no estranxeiro.

Os resultados positivos a nivel de empregabilidade tradúcense nunha boa percepción destas ensinanzas por parte do alumnado. De feito, 83,9% dos enquisados manifestaron a súa satisfacción coa formación recibida.

FP Dual

No caso da parte do informe centrada na FP Dual, recolle os datos de inserción do alumnado que rematou os seus estudos nesta modalidade no curso 2016/17, un total de 120 persoas. A taxa de inserción laboral no momento en que se realizou a enquisa (abril-maio de 2018) é do 90,7%.

O 92,5% do alumnado titulado conseguiu algún emprego en menos de 6 meses e o 85% considera que tiña relación co cursado. De feito, o acceso ao primeiro emprego a través da empresa en que desenvolveu o proxecto de FP Dual é do 82,5%, o que demostra a confianza do tecido produtivo nesta modalidade de FP.

Tamén na Dual o estudo mostra unha moi boa satisfacción do alumnado coa formación recibida: o 86% recomendarían a realización dun ciclo formativo destas características.

Neste caso o 87,18% do alumnado que traballa faíno en Galicia, o 8,97% noutra CCAA e o 3,85% no estranxeiro.

A XUNTA LEVA INVESTIDOS PRETO DE DOUS MILLÓNS DE EUROS NAS MEDIDAS DE CONTROL E ERRADICACIÓN DA COUZA GUATEMALTECA DA PATACA

- ***A maior parte do orzamento vai destinado ás medidas de contención, así como á retirada, ao transporte e á destrución da pataca de zonas infestadas***
- ***Ademais, a esta cifra habería que sumar os máis de 250.000 euros das axudas de compensacións, correspondentes con 2.000 expedientes***
- ***Medio Rural lembra que se mantén a prohibición de plantar pataca nos 33 municipios afectados pola couza, tal e como se lles comunicou aos concellos a través dunha misiva***

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe un informe no Consello da Xunta sobre a presenza da couza guatemalteca da pataca na nosa comunidade e nel conclúese a boa evolución desta praga no noso territorio. Isto é posible grazas ás medidas de control e erradicación levadas a cabo e que supuxeron un investimento de preto de 2 millóns de euros. A maior parte deste orzamento foi destinado á retirada, ao transporte e á destrución das patacas recollidas porta a porta polos técnicos da consellería, pero tamén se investiu en trampas, en dípticos e outro material de difusión, co obxecto de concienciar a cidadanía da importancia das medidas para chegar á erradicación.

Ademais, a esta cifra habería que sumar as axudas en compensación pola destrución da pataca, que ascenden a máis 250.000 euros a través de 2.000 expedientes. Así, en total, nestes anos destruíronse máis de 500.000 quilos de pataca procedentes dos concellos infestados.

Neste balance presentado hoxe, indícase tamén que a situación en Galicia evoluciona favorablemente e, de feito, así o constataron os técnicos da Comisión Europea enviados a España en setembro para realizar unha auditoría sobre as medidas postas en marcha para loitar contra a couza. No informe emitido, os expertos sinalaron que non é preciso facer ningunha recomendación á nosa comunidade, xa que as medidas de control que se están levando a cabo son adecuadas de cara á erradicación da *Tecia Solanivora*.

Cómpre destacar que a inspección da UE non se limitou ao traballo administrativo, senón que realizou visitas sobre o terreo a zonas afectadas e incluso á planta de Gesuga, en Cerceda, onde se destruían os tubérculos. Tamén mantivo encontros cos representantes da IXP Pataca de Galicia e co Seprona, para coñecer o sistema de control nas estradas, nas feiras, nos mercados e en posibles terreos onde estaba prohibido o cultivo. En concreto, o equipo inspector pasou ata unha semana en Galicia e visitou parcelas e almacéns de zonas infestadas, da zona tampón e áreas libres da praga. Desta inspección, os delegados transmitiron a súa satisfacción polos labores desenvolvidos en todos os ámbitos desde Galicia.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Toda esta información foi avaliada na correspondente mesa de seguimento da couza da pataca, que se reuniu por última vez en decembro, co obxectivo de acordar accións e manter informadas as administracións implicadas, así como á indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia.

En todo caso, a Xunta de Galicia fai un chamamento á responsabilidade e apela ao cumprimento das medidas establecidas na normativa. Así, a Consellería do Medio Rural lembra que se mantén a prohibición de plantar pataca nos 33 municipios afectados pola couza, tal e como se lles comunicou aos concellos a través dunha misiva, e tamén fai un chamamento a evitar o movemento de pataca a granel nas zonas tampón. O obxectivo é rematar canto antes coa presenza deste insecto na nosa comunidade e chegar á erradicación deste organismo.

OS PORTOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA INCREMENTARON O VOLUME DE TRÁFICO DE MERCADORÍAS UN 3,5% NO ANO 2018

- ***A cifra total de carga e descarga de distintos produtos durante o exercicio foi de 1,8 millóns de toneladas***
- ***Os portos con maior actividade foron Cariño, Ribadeo e Brens-Cee, mentres que Burela destacou pola súa actividade madeireira, pese a ser porto pesqueiro***
- ***A comarca da Barbanza segue a liderar o tráfico de tónidos, principalmente a través do peirao da Pobra do Caramiñal***

Os portos de titularidade autonómica incrementaron o volume de tráfico de mercadorías un 3,5% no ano 2018. Así o reflicte o informe anual de tráfico elaborado por Portos de Galicia e analizado hoxe no Consello da Xunta. Este documento dá conta do balance de tráfico de mercadorías rexistrado nos 122 peiraos de titularidade autonómica entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

O informe amosa que o ano pasado se moveron nos portos dependentes da Xunta de Galicia un total de 1.772.000 toneladas de mercadorías. Esta cifra supón un incremento en termos netos de preto de 60.000 toneladas respecto ao balance de 2017.

Os movementos de mercadorías máis importantes corresponderon respectivamente aos portos de Cariño, con 603.000 toneladas, Ribadeo, con 542.000 toneladas, e o de Brens (Cee), con 334.000 toneladas. Cómpre destacar tamén o incremento acadado no porto de Burela, que rexistrou ao longo do pasado exercicio un movemento de 14.000 toneladas de mercadorías, un 1,3% máis que o ano anterior, sendo fundamentalmente un porto pesqueiro, non comercial.

En canto ás principais mercadorías descargadas destaca o mineral de ferro sen aglomerar no porto de Cariño, en que se moveron máis de 552.000 toneladas desta mercadoría; a pasta de madeira en Ribadeo, con 396.000 toneladas; o coque e o manganeso no porto de Brens-Cee, con 122.000 e 90.000 toneladas respectivamente; e a madeira en bruto en Burela.

Tamén resulta destacable a actividade de descarga de tónidos conxelados na comarca da Barbanza, principalmente a través do porto da Pobra do Caramiñal. Neste peirao descargáronse 102.000 toneladas no ano 2018 ás que se suman as 27.000 descargadas no porto de Ribeira, peirao pesqueiro e non comercial pero que acolle nos últimos anos parte da actividade de descarga de tónidos de xeito auxiliar ao da Pobra.

En relación coa facturación, Portos de Galicia pechou o pasado exercicio económico cunha recadación de 17,3 millóns de euros, un 2% máis que o ano anterior. As principais fontes de recadación foron as tarifas X4 (Pesca fresca), TODP (ocupación de espazos e aproveitamento do dominio público) e X5 (embarcacións de lecer). Esta recadación permite

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

o reinvestimento na mellora de servizos e infraestruturas do ente público, o que repercute, polo tanto, de novo no propio sector portuario.

Rendibilidade do investimento

Estes datos de tráfico de mercadorías son proba dunha crecente actividade económica rexistrada nos peiraos de titularidade autonómica, que foron rendibilizados como motor de xeración de riqueza e emprego tanto para a carga e descarga de mercadorías como para o desenvolvemento de actividade náutico-recreativa e deportiva.

A rendibilización e máxima explotación económica dos portos comerciais é unha das liñas de traballo estratéxicas de Portos de Galicia. Non en van, co obxectivo de captar e consolidar os tráfico comerciais, a Consellería do Mar realizou desde 2009 un investimento global de arredor de 150 millóns de euros nestas infraestruturas. Neste marco, Portos de Galicia planificou os seus investimentos dando prioridade a obras que resultaban clave para este fin.